



Concello de Baleira

BANDO

ANGEL ENRIQUE MARTÍNEZ-PUGA LÓPEZ Alcalde-Presidente do Concello de Baleira
(Lugo)

FAI SABER:

Que un curso máis a **“Asociación socio-educativa Antonio Gandoy”**, en colaboración do **“Concello de Baleira”**, pon en marcha os **“Espazos das Familias”**, unha actividade que ten como obxectivo principal que os pais e nais, en definitiva as familias, conten cun lugar e un tempo onde compartir, debater e reflexionar sobre a maravilhosa experiencia da crianza dos nenos e nenas. Ademáis se busca que as familias coñezan cales son as actividades máis axeitadas para acadar o mellor desenvolvemento dos seus fillos tendo en conta a súa idade e, tamén, que as nenas e os nenos poidan relacionarse con outras crianzas das mesmas ou parecidas idades e con diferentes adultos.

A **“Asociación socio-educativa Antonio Gandoy”** é unha entidade sen ánimo de lucro que, conformada por extraballadoras da extinguida Fundación Preescolar na Casa, ten como misión principal preservar, difundir e dar continuidade á tarefa socioeducativa desenvolvida por Preescolar na Casa. Ofrece ás familias con nenas e nenos de 0 a 6 anos a posibilidade do encontro e intercambio con outras familias e cunha profesional da educación, co fin de que poñan en valor o seu importante papel como educadoras e que compartan dúbidas.

Tanto se o voso fillo ou filla asiste á escola infantil coma se non, podedes participar, xa que é un espazo de Formación de Pais. Dita actividade terá lugar como día de xuntanza tólolos **XOVES** lectivos no **Centro Sociocultural do Cádavo** para compartir dúbidas e experiencias coas demais familias, facendo rutinas da vida cotiá e actividades axeitadas a cada idade.

A actividade desenrolarase ás mañás e para coñecer máis polo miúdo o funcionamento, o contido e o seu incioi, podedes contactar coa orientadora responsable do seu funcionamento no tfno.,

676427643 (Gloria)

Ou no correo-e teléfonos da Asociación que se indican: 982216001//629612897,
antoniogandoyeducacion@gmail.com.

O Alcalde

Asdo. Ángel Enrique Martínez-Puga López

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

Concello de Baleira

